

Por Resolución Reitoral do 25 de setembro de 2003 recoñéanse **2 créditos** de libre configuración curricular pola participación no **CORO UNIVERSITARIO** da Universidade de Santiago de Compostela, de forma regular durante o curso académico. Esta Resolución foi modificada polas de datas 26 de febreiro de 2007 e 14 de marzo de 2007, previa autorización da Comisión de Ordenación Académica e Profesorado do Consello de Goberno (COAP), para que, a partir do curso académico 2006/07, se recoñezan **4 créditos** de libre configuración curricular por esta actividade.

As normas para o recoñecemento de actividades e estudos de idiomas como créditos de libre configuración, aprobadas por Consello de Goberno do 20 de xuño de 2005, e publicadas por Resolución Reitoral do 24 de xuño, establecen, no seu apartado 6, que o número máximo de créditos que se poden recoñecer por unha actividade será de 6.

No recoñecemento de créditos de libre configuración curricular pola participación no CORO UNIVERSITARIO non se regulan aqueles supostos de alumnos que xa participaron en cursos anteriores ao actual e que seguen realizando esta actividade, polo que cómpre establecer, dentro do límite fixado pola COAP, o recoñecemento de créditos que se poden conceder.

Polo anteriormente exposto, esta Reitoría **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Os alumnos que participaron no CORO UNIVERSITARIO nos cursos académicos 2003/04, 2004/05 e 2005/06, poderán recoñecérselles 2 créditos por cada curso académico, cun límite máximo de 4 créditos.

SEGUNDO.- Os alumnos aos que se lles recoñeceron 2 créditos libre configuración curricular por realizar esta actividade en cursos anteriores ao 2006/07, e continúan formando parte do coro universitario, poderá recoñecérselles 2 créditos máis pola súa participación de forma regular no curso académico 2006/07 ou seguintes.

En calquera caso, o número máximo de créditos que se poden recoñecer pola participación no **CORO UNIVERSITARIO** será en total de **4 créditos**, e farase de acordo co procedemento regulado na Resolución Reitoral do 25 de setembro de 2003, e as modificacións aprobadas por Resolucións Reitorais de 26 de febreiro de 2007 e 14 de marzo de 2007.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2007



O REITOR,

Senén Barro Ameneiro
Senén Barro Ameneiro

SRA. SECRETARIA XERAL - SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR - SR. VICEXERENTE DA ÁREA ACADÉMICA - SRES./SRAS. DECANOS/AS DIRECTORES/AS DE CENTROS - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN - SRA. RESPONSABLE DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES./AS. XEFES/AS DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓN E MELLORA DO PROCEDIMENTO.